

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 28, 8-15

Naquel tempo, as mulleres marcharon do sepulcro con toda a présa, con temor pero cheas de gozo; e correron para llelo comunicaren ós seus discípulos.

Entón Xesús saíulles ó encontro dicindo:

– «Alegrádevos.»

Elas, achegándose, abrazáronlle os pés e prostráronse ante el. Xesús díxolles:

– «Non teñades medo: ide avisar a meus irmáns de que marchen para Galilea, que alí me verán.»

Mentres elas ían, algúns da garda foran á cidade para informaren ós sumos sacerdotes de canto acontecera. Eles, reuníndose cos senadores, acordaron darlles unha boa presa de cartos ós soldados, encargándolles:

– «Vós dicide: "os seus discípulos fórono roubar de noite, mentres nós durmiamos". E, se o gobernador chega a saber algo, xa o convenceremos nós, sacándovos do apuro.»

Eles, collendo os cartos, fixeron tal como lles mandaran. E así correu este rumor entre os xudeus ata o día de hoxe.